



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. NON é un criterio de actuación das Administracións públicas incluído na Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

- A) Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- B) Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración.
- C) Promover a alternancia de mulleres e homes na designación dos seus órganos directivos.
- D) Fomentar a formación en igualdade no acceso ao emprego público.

2. NON é un órgano da estrutura directiva das áreas sanitarias de Galicia:

- A) A Dirección de Procesos de Soporte.
- B) A Dirección do Distrito Sanitario.
- C) A Dirección da Asesoría Xurídica.
- D) A Dirección de Atención Primaria.

3. Á fronte de cada área sanitaria do Sistema público de saúde de Galicia haberá un ou unha xerente de área. O seu nomeamento producirase:

- A) Por decreto do Consello da Xunta de Galicia.
- B) Por orde da persoa titular da Consellería de Sanidade.
- C) Por acordo do presidente da Xunta, logo da proposta do conselleiro/a de Sanidade.
- D) Por decreto do Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde.

4. Conforme a lexislación vixente, requirirase o consentimento escrito do paciente:

- A) Para a práctica dunha intervención cirúrxica.
- B) En todo caso.
- C) Non se precisa nunca o consentimento de xeito escrito.
- D) Para a práctica de calquera procedemento terapéutico.

5. Indique cal dos seguintes dereitos encádrase dentro dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Constitución española:

- A) A seguridade social.
- B) A obxección de conciencia.
- C) A liberdade sindical.
- D) Ningunha resposta é correcta.

6. Segundo o artigo 43 da Lei 55/2003, como se denomina o concepto salarial destinado a retribuír a participación do persoal estatutario en programas ou actuacións concretas?

- A) Complemento de produtividade.
- B) Complemento de destino.
- C) Complemento específico.
- D) Complemento persoal.

7. Aos efectos da entrada en vigor das leis de Galicia, conforme ao Estatuto de Autonomía rexerá a data da súa publicación en:

- A) O «Diario Oficial de Galicia».
- B) O «Boletín Oficial do Estado».
- C) O boletín oficial das catro provincias galegas, de xeito simultáneo.
- D) O «Diario Oficial da Unión Europea».

8. Cal dos seguintes principios NON se recolle na Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, como principio de organización e funcionamento do Sistema de Saúde?

- A) Eficacia.
- B) Rendibilidade.
- C) Celeridade.
- D) Todas as respostas son correctas.

9. Cales son os sistemas de selección de persoal estatutario fixo?

- A) O concurso de traslados, a oposición e a comisión de servizos.
- B) O concurso–oposición, a oposición e o sistema de alta dirección.
- C) O procedemento extraordinario, a oposición ordinaria e o acceso específico indefinido.
- D) O concurso–oposición, a oposición e o concurso.

10. Das organizacións sindicais que se citan, cal ou cales poderán estar presentes, en todo caso, na Mesa sectorial de negociación do persoal do Servizo Galego de Saúde?

- A) As máis representativas no ámbito da función pública.
- B) As que obtivesen o 5 por 100 dos representantes nas eleccións para as xuntas de persoal do Sergas.
- C) As máis representativas a nivel local.
- D) Unha que obtivese o 13 por 100 dos representantes nas eleccións para as xuntas de persoal do Sergas.

Preguntas de reserva

1. De acordo coa lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes (segundo a redacción establecida pola Lei 3/2005, do 7 de marzo), a información ao/á paciente será:

- A) Verdadeira, comprensible, axeitada ás necesidades do paciente, continuada, razoable e suficiente.
- B) Fidedigna, comprensible, axeitada ás necesidades do centro, continuada, razoable e suficiente.
- C) Verdadeira, comprensible, axeitada ás necesidades do persoal sanitario, continuada, deducible e suficiente.
- D) Verosímil, comprensible, axeitada ás necesidades do paciente, continuada, razoable e exacta.

2. O Sistema público de saúde de Galicia ordénase territorialmente en áreas sanitarias, as cales se dividen pola súa vez en distritos. Segundo a lexislación vixente, cantos distritos sanitarios existen actualmente?

- A) Sete.
- B) Once.
- C) Catorce.
- D) Vinte.